

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DA VII EDICIÓN DO “CURSO DE FORMACIÓN UNIVERSITARIA EN NEGOCIACIÓN COLECTIVA E INDIVIDUAL NO ÁMBITO LABORAL”.

Vigo, na data da última sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha banda, dona Cristina Fabeiro Varela , con DNI 32838635V, secretaria e presidenta en funcións do Consello Galego de Relacións Laborais, nomeada mediante orde do 7 de maio de 2021, (DOG núm. 92 do 19 de maio de 2021), da Conselleira de Emprego e Igualdade, que actúa en nome e representación do citado organismo, en virtude das facultades que lle confire a Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais (DOG nº 112 do 11 de xuño de 2008).

E doutra banda, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019. Con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

Ambas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e recoñécense reciprocamente capacidade xurídica de contratar e de obrigarse nos termos do presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que consideran necesario continuar coa colaboración, iniciada en 2018, na realización dun curso de formación en negociación colectiva e individual no ámbito laboral, por entender as dúas institucións da necesidade de formación nesta disciplina.

Segundo.- Que o Consello Galego de Relacións Laborais acordou en xuntanza da Comisión Permanente do 22 de xaneiro de 2024, a realización da VII edición do Curso de formación Universitaria de negociación colectiva e individual no ámbito laboral, co obxecto de afondar nas técnicas e ferramentas clásicas de negociación laboral.

Terceiro.- Que de conformidade co establecido nos artigos 19 4.a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo

que se aproba o seu Regulamento que establecen a concesión directa das subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, resólvese, a concesión directa á Universidade de Vigo da subvención regulada neste convenio, nos termos recollidos neste e na normativa reguladora destas subvencións.

Cuarto.- Que a Universidade de Vigo se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, que non obtivo outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien este curso e que non incorre en ningunha das circunstancias contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para poder obter a condición de beneficiaria de axudas ou subvencións.

Quinto.- Que ao existir unha plena coincidencia entre as partes asinantes nos obxectivos perseguidos, así como a vontade de unir esforzos e colaborar nos seus respectivos ámbitos de actuación, acordan asinar este convenio, e facelo con base nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Vigo para a realización da VII edición do *Curso de formación universitaria de negociación colectiva e individual no ámbito laboral*, conforme ao Regulamento dos Programas de Formación Permanente da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro da Universidade de Vigo o 28 de xuño de 2021, e que se desenvolverá desde o 17 de setembro ata o 21 de novembro do ano 2024 na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo.

Segunda.- O obxectivo que se pretende co desenvolvemento do curso de formación universitaria, é o seguinte:

O curso permitirá ao alumnado estudar as técnicas e ferramentas clásicas de negociación, explorar o concepto de intelixencia emocional e a súa implicación na solución dos conflitos de calquera tipo, estudar estratexias baseadas na comunicación verbal e non verbal, adquirir coñecementos sobre os máis controvertidos contidos da negociación colectiva e sobre o diálogo institucional en España e en Galicia.

Terceira.- Posto que o fin último é a formación de profesionais nas técnicas de negociación, as persoas destinatarias do curso de formación universitaria serán as que posúan a titulación universitaria de Grao ou Licenciatura en Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Ciencias do Traballo, Ciencias Económicas e Empresariais e Administración e Dirección de Empresas ou Diplomatura en Relacións Laborais. Tamén poderán matricularse alumnos/as da universidade.

Poderán acceder ao curso as persoas con responsabilidade en recursos humanos, xefaturas de relacións laborais, asesoría e cadros das organizacións empresariais e sindicais que reúnanos requisitos

legais para cursar estudos Universitarios. Tamén poderán participar outras persoas que non reúnan os requisitos legais de acceso á universidade nas que concorra unha especial vinculación co ámbito obxecto do Curso sen que estas superen o 50% do total do alumnado.

Os temas que se impartirán durante a realización do curso son os que se relacionan no **Anexo I** a este convenio.

Para un óptimo aproveitamento do curso establécese un límite máximo de 40 participantes que serán seleccionados pola Universidade de Vigo, a quen corresponde a dirección do curso, e dos que ao menos vinte serán propostos polo Consello Galego de Relacións Laborais. O dito número podería incrementarse para o caso de que non se chegasen a cumprimentar as corenta prazas ofertadas. En todo caso, a selección final farase pola Universidade de Vigo. Respecto destes alumnos, a Universidade de Vigo realizará os trámites de inscrición e matrícula, unha vez feita a proposta de alumnos por parte deste organismo.

O Consello Galego de Relacións Laborais financiará con 30€ a matrícula de cada un dos 20 participantes propostos. A cantidade total (600,00€) abonaráselle á Universidade de Vigo unha vez rematado o prazo de matrícula, mediante transferencia desde a aplicación orzamentaria 13.B1.324A.444.01, sen que teña que ser adiantado, no momento de efectuar a matrícula por parte dos participantes propostos polo Consello Galego de Relacións Laborais. O dito importe será computado á marxe da subvención regulada neste convenio para o funcionamento do curso. Este importe non cobre os prezos públicos por expedición de títulos, que será abonado por cada estudante matriculado.

Outorgaráselles ás persoas participantes no curso que o superen e demostren unha asistencia superior ao 80% das unidades docentes impartidas, un título propio acreditativo, conforme ás normas establecidas a tal efecto pola Universidade de Vigo.

Cuarta.- Encoméndase a dirección do curso a don Jaime Cabeza Pereiro, catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da UVigo e a súa codirección e coordinación á Rosa María Rodríguez Martín Retortillo, profesora axudante doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo.

Quinta.- O Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento deste *Curso de formación universitaria de negociación colectiva e individual no ámbito laboral* mediante a achega de DEZASETE MIL CATROCENTOS EUROS (17.400,00€) con cargo ao capítulo IV do seu orzamento, aplicación orzamentaria 13.B1.324A.444.01, denominada “Subvención á Universidade de Vigo”, na que está previsto crédito necesario e suficiente, segundo certificación expedida pola secretaria do organismo, que se xunta a este convenio como

Anexo II.

A antedita contribución poderase librar do seguinte xeito:

Mediante pagamentos a conta, por contía equivalente á xustificación presentada, que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, ata o 80% do financiamento aportado polo Consello Galego de Relacións Laborais. A xustificación destes pagamentos farase mediante certificación detallada acreditativa dos gastos realizados, expedida polo órgano da universidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

O importe restante librarase unha vez cumprido o establecido na cláusula sexta.

Sexta.- A Universidade de Vigo, unha vez rematadas as actividades derivadas do curso obxecto do convenio, e, como data límite o 11 de decembro de 2024 xustificará a totalidade da contribución efectuada polo Consello Galego de Relacións Laborais, mediante certificación detallada e relación de facturas acreditativas dos gastos realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido, de conformidade co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A antedita certificación será expedida polo órgano da universidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Coa contribución efectuada polo Consello Galego de Relacións Laborais poderanse financiaros conceptos de gasto seguintes:

- Organización, coordinación e dirección do curso. ● Honorarios de profesorado e relatores.
- Gastos de desprazamento dos relatores e relatoras e do seu aloxamento, de ser o caso.
- Gastos de material de imprenta, do aluguer de medios audiovisuais, da inauguración e clausura e demais necesarios para o bo funcionamento do curso.
- Custes indirectos da Universidade de Vigo (xestión académica e administrativa, soporte informático para a docencia, publicidade e difusión, ...) ata un máximo do 15% do financiamento total (18.000€) do Consello a este curso, ao abeiro do establecido no artigo 32.4 e no artigo 42.2 do regulamento dos programas de formación permanente da Universidade de Vigo. Dito importe (2.700€) terá a consideración de pagamento a conta, polo que o importe restante, pendente de xustificación pola Universidade de Vigo será de 15.300€, que se aboará como se establece nas cláusulas quinta e sexta do presente convenio.

No suposto de que os gastos que se xustifiquen fosen inferiores ao financiamento acordado, deducirase do pagamento final a parte non xustificada.

A Universidade de Vigo presentará, no momento da finalización do período de xustificación, unha declaración complementaria á que se contén no expoñendo cuarto deste convenio, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para a mesma finalidade das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como unha memoria descritiva do contido das

accións desenvolvidas e dos resultados acadados, na que conste, entre outras, a relación e características dos participantes, e a súa valoración sobre o curso.

O Consello Galego de Relacións Laborais resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do gasto e, en concreto, a que acredite o pagamento das facturas relacionadas xunto á certificación.

Sétima.- A Universidade de Vigo comprométese a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda concedida.

Oitava.- A Universidade de Vigo comprométese a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual– a colaboración orzamentaria do Consello Galego de Relacións Laborais, para o que respetando a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia, utilizará o logo do CGRL, organismo concedente da subvención. A realización do curso tamén implicará que a Universidade beneficiaria da subvención asuma as obrigas enumeradas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A entidade beneficiaria deberá, igualmente, dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen o artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Novena.- A Universidade de Vigo, de conformidade co establecido na disposición adicional única do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, presta o seu consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos relevantes do convenio no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios que se regulan en dito decreto.

Décima.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, poderá dar lugar á súa modificación e ao reintegro das cantidades percibidas.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Undécima.- A subscrición deste convenio non supón relación laboral contractual ou decalquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o Consello Galego de Relacións Laborais, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

Duodécima.- Este convenio de colaboración terá natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas; polos preceptos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral desubvencións; do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e polo establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Para o seguimento da súa execución e o coñecemento de calquera discrepancia que poida xurdir sobre a súa interpretación, crearase unha Comisión Mixta, integrada por unha representación designada por cada unha das partes asinantes do convenio. No caso de que adiscrepancia verse sobre cuestións que se refiran exclusivamente á subvención, se persistira, será resolta pola presidencia do Consello Galego de Relacións Laborais e a súa resolución, que porá fin á vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décima terceira.- As partes manifestan e se comprometen a darlle aos datos de carácter persoal que sexan obxecto de tratamento como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio un uso adecuado no marco do disposto pola normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal integrado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPd), pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e polas demais normas de desenvolvemento que resulten aplicables.

Na execución deste convenio as partes declaran que asumen a condición de responsables do tratamento independentes, xa que cada unha no seu propio ámbito de actuación determina os medios e os fins dos tratamentos de datos necesarios; e que non se dan as condicións para ser consideradas corresponsables do tratamento ao abeiro do previsto no RXPd. En consecuencia, cada unha das partes asinantes responderá individualmente fronte ás persoas afectadas e fronte ás autoridades de control competentes, do incumprimento das súas obrigas correspondentes en materia de protección de datos persoais, así como das infraccións en que tivese incorrido.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante comunicación ao enderezo social do responsable do tratamento que corresponda, así como, de existir, a través de correo electrónico aos respectivos delegados de protección de datos. Se a solicitude de exercicio de dereitos se presentase diante da parte que non sexa a competente para a súa tramitación e resolución, esta daralle traslado á competente á maior brevidade posible, informando disto á persoa interesada.

Se a correcta execución dalgunha das prestacións deste convenio requirise a cesión de datos persoais dunha das partes á outra, esta terá a súa base de lexitimación, cando menos, no cumprimento do presente convenio, de conformidade co establecido no artigo 6.1.b) do RXPd, sempre e cando se limite aos mínimos imprescindibles para acadar o fin perseguido. En todo caso, a entidade cesionaria adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais cedidos durante a vixencia deste convenio.

Sen prexuízo do anterior, os datos persoais que figuran neste convenio relativos ás persoas asinantes serán e/ou poderán ser obxecto daquelas actuacións que se deriven da aplicación e cumprimento da normativa estatal e autonómica de transparencia e acceso á información pública aplicable a ambas partes, en especial a publicación do texto íntegro do convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Décima cuarta. - O Consello Galego de Relacións Laborais poderá realizar actuacións de comprobación, en calquera momento, sobre a execución material das accións obxecto do convenio.

Décima quinta. - O incumprimento de calquera das cláusulas que regulan este convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución.

Décima sexta. - Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, sen prexuízo do establecido no artigo 2.1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2024.

Lido por ambas as dúas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no convenio, asínase o convenio.

A secretaria e presidenta en funcións
do Consello Galego de Relacións Laborais

O reitor
da Universidade de Vigo

Cristina Fabeiro Varela

Manuel Joaquín Reigosa Roger

ANEXO I: PROGRAMA

PARTE PRIMERA: CONCERTACIÓN SOCIAL E NEGOCIACIÓN COLECTIVA			
DATA	TEMÁTICA	RELATORA/RELATOR	MODALIDADE E DURACIÓN
1ª Semana (17 setembro)	LECCIÓN INAUGURAL	Carmen Saéz Lara	Docencia diacrónica (en directo)
	I.- Participación institucional e negociación colectiva (concepto, experiencias o papel dos sindicatos e axentes sociais, especial referencia a Galicia)	Jaime Cabeza Pereiro	Docencia sincrónica (2 horas, endiferido)
1ª Semana (19 setembro)	II.- A negociación colectiva no modelo constitucional e legal español: 1.- Marco xeral	Antonio Baylos Grau	Docencia diacrónica (2 horas endirecto)
	2.- A negociación colectiva estatutaria: a) Suxeitos negociadores (lexitimación inicial, deliberante e decisoria)	José Manuel Maceira (CEG)	Docencia diacrónica (2 horas endirecto)
2ª Semana (24 de setembro)	2.- A negociación colectiva estatutaria: b) Estrutura da negociación colectiva, unidades de negociación e concorrencia de convenios dos distintos ámbitos de negociación.	Héctor López de Castro Ruiz (CIG)	Docencia diacrónica (4 horas endirecto)
	A negociación colectiva extraestatutaria e informal	Xesús Castro Baamonde- (SN de CCOO de Galicia)	
	Procedemento de negociación. O deber de negociación de boa fe. Análise de xurisprudencia e casos prácticos	Profesoras UVIGO (Rosa Rodríguez Martín-Retortillo)	Docencia sincrónica (2 horas endiferido)
2ª semana (26 de setembro)	2.- A negociación colectiva estatutaria: c) Duración dos convenios, denuncia, prórroga e ultraactividade	Alba Silvosa Veiga (UGT-Galicia)	Docencia diacrónica (2 horas endirecto)
	A inaplicación de convenios	Profesoras UVigo (Marta Fernández Prieto)	Docencia sincrónica (2 horas endiferido)
	A interpretación e aplicación dos convenios. Comisións Paritarias. Procesos de conflito colectivo.	Profesoras UVigo (Emma Rodríguez Rodríguez)	
	A xestión do convenio colectivo. Rectificacións, depósito, rexistro, impugnación de oficio, publicación.	Profesoras UVigo (Emma Rodríguez Rodríguez)	Docencia sincrónica (2 horas endiferido)
			Docencia sincrónica (2 horas endiferido)

PARTE SEGUNDA: CONTIDOS E PLANS DE IGUALDADE			
3ª semana (1 de outubro)	Puntos críticos dos convenios e dos acordos colectivos (salario, tempo de traballo, clasificación profesional, seguridade e saúde...). Parte I	Jaime Cabeza Pereiro	Docencia diacrónica (4 horas endirecto)
3ª Semana (3 de outubro)	Puntos críticos dos convenios e dos acordos colectivos (tempo de traballo, desconexión dixital, teletraballo, outras cuestións dixitais"). Parte II	Belén Cardona Rubert	Docencia diacrónica (4 horas endirecto)
4ª Semana (8 de outubro)	Os Plans de Igualdade. Parte I	Beatriz Sueiro Padín (ITSS)	Docencia diacrónica (4 horas endirecto)
4ª Semana (10 de outubro)	Os Plans de Igualdade. Parte II. Os Plans de Igualdade no marco da Lei 4/2023	Mónica González Otero (ITSS)	Docencia diacrónica (2 horas endirecto) Docencia diacrónica (2 horas endirecto)

PARTE TERCEIRA: COMUNICACIÓN E INTELIXENCIA EMOCIONAL			
5ª Semana (15 de outubro)	I.-A comunicación como factor chave nas negociacións laborais individuais e colectivas. Comunicación verbal e non verbal. Teoría e práctica.	Ana Belén Fernández Souto José Rúas Araújo	Docencia diacrónica (4 horas endirecto)
5ª Semana (17 de outubro)	I. A comunicación como factor chave nas negociacións laborais individuais e colectivas. Comunicación verbal e non verbal. Teoría e práctica. II. A intelixencia emocional.	Ana Belén Fernández Souto Ana Belén Fernández Souto José Rúas Araújo	Docencia diacrónica (2 horas en directo) Docencia sincrónica (2 horas endirecto)
6ª Semana (22 de outubro)	III. Estilos de negociación e test de negociación. Análise individualizada do perfil negociador de cada alumno/a.	Blanca Otero Otero	Docencia diacrónica (4 horas endirecto)

PARTE CUARTA: ASPECTOS ESTRATÉGICOS DA NEGOCIACIÓN			
6ª Semana (24 de outubro)	I. A mesa negociadora, a plataforma de negociación e a banda negocial. Selección das materias importantes na negociación.	Xurxo Airas Cotovad	Docencia diacrónica (4 horas endirecto)
7ª Semana (29 de outubro)	II. A negociación individual: aspectosestratéxicos de contido específicos...	Abogados: Matías Movilla García Balbino Irisarri Castro	Docencia diacrónica (4 horas endirecto)
7ª Semana (31 de outubro)	III. Técnicas de Negociación	Eduardo González Gil	Docencia diacrónica (4 horas endirecto)
8ª Semana (5 de novembro)	III. Técnicas de Negociación	Eduardo González Gil	Docencia diacrónica (2 horas endirecto)

PARTE QUINTA: OS ACORDOS EXTRAJUDICIAIS DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS COLECTIVOSINDIVIDUAIS			
9ª Semana (12 de novembro)	O AGA – os conflitos individuais	Profesoras UVigo (Emma Rodríguez Rodríguez) Profesoras UVIGO (Rosa Rodríguez Martín-Retortillo)	Docencia diacrónica (4 horas endirecto)
9ª Semana (12 de novembro)	O AGA	Inspección: Demetrio FernándezLópez. ITSS.	Docencia sincrónica (2 horas endiferido)
9ª Semana (12 de novembro)	Outros sistemas extraxudiciaisde solución autónoma de conflitos individuais e colectivos: o ASAC, o SERCLA, o PRECO...	Profesora USC: Yolanda ManeiroVázquez	Docencia sincrónica (2 horas endiferido)

PARTE SEXTA: ANÁLISE DE CASOS REAIS E PRÁCTICA			
9ª Semana (14 de novembro)	I. Experiencia en mediacións earbitraxes	Inspectores: Carolina Álvarez Landesa. ITSS José Mª. Casas de Ron. ITSS	Docencia diacrónica (4 horas endirecto)
10ª Semana (19 de novembro)	II. Taller de negociación (xogo deroles).	Inspectores: Carolina Álvarez Landesa. ITSS José Mª. Casas de Ron. ITSS Representantes interlocutores: - UGT: Alba Silvana Veiga - CCOO: Iria Estévez Casqueiro - CIG: Mª do Tránsito FernándezFernández - CEP: Andrea Varela Barcia	Docencia diacrónica (4 horas endirecto)
10ª semana (21 de novembro)	LECCIÓN DE CLAUSURA	María Emilia Casas Baamonde	Docencia diacrónica (en directo)

ANEXO II

CRISTINA FABEIRO VARELA secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais,

CERTIFICO

Que no orzamento do Consello Galego de Relacións Laborais para 2024 figura crédito na aplicación 13.B1.324A.444.01, que se considera axeitado e suficiente para satisfacer á Universidade de Vigo o importe dos gastos ocasionados pola realización da VII edición do Curso de formación en negociación colectiva e individual no ámbito laboral, que terá lugar desde o 17 de setembro ao 21 de novembro de 2024, nos termos establecidos no Convenio de colaboración entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Vigo.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta certificación en Santiago de Compostela a 25 de marzo de 2024.